

Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 10ª - 27 de setembro

“Vixilancia tecnolóxica e estratéxica nas T.I.C.”

Estimado/a compañeiro/a:

Dispor da información apropiada, no momento oportuno, para poder tomar a decisión máis adecuada, implica pór en marcha un sistema de vixilancia estratéxica, que recolla a información que a empresa necesita, a transforme en coñecemento e lle agregue valor e a distribúa. Implica tamén, no ámbito das TIC, dispoñer dun sistemas de vixilancia tecnolóxica: Tecnoloxías dispoñibles ou emerxentes, na medida que sexan capaces de intervir nos produtos ou procesos da empresa.

Preténdese introducir aos participantes nos métodos e ferramentas para implantar este sistema e as fontes de información dispoñibles, para acadar así, nas súas actividades profesionais: Anticipación (detectar oportunamente os cambios relevantes da contorna), Minimizar riscos (detectar ameazas e tomas as decisións correspondentes), Comparar (recoñecer puntos fortes e débiles fronte á competencia), Innovar (identificar no mercado oportunidades de mellora e ideas innovadoras) e Cooperar (detectar oportunidades de cooperación e atopar os socios axeitados).

- Relator:** D. Luis Alfonso Álvarez Sestelo (Ver no dorso)
Data e horario: 27 de setembro de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.
Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.
Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.
Cuota: Gratuíta, previa inscrición.
Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Linha asmeira de facer Europa"



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



Documentación: No mesmo apartado da Web disporase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicaráselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicaría oportunamente.

A data límite para a recepción das inscricións remata o Luns, 26 de setembro.



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación



BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Estudou Enxeñería de Telecomunicación na Universidade de Vigo e en 1999 incorporouse ao equipo Sistemas de Información da operadora de telecomunicacións COMUNITEL. Desempeñou diferentes postos de xerencia en COMUNITEL durante dez anos, ata que a compañía foi adquirida polo grupo VODAFONE.

Ao mesmo tempo, é cofundador de diferentes empresas consultoras e participou en distintos seminarios e actividades sobre estratexia, innovación e proxectos empresariais. En maio de 2008, únese a GRADIANT como Xerente, con responsabilidades organizativas e financeiras. Os seus intereses principais son a xestión da innovación, finanzas e promoción empresarial.